



SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA

1. DATOS DO INTERESADO (promotor das obras e suxeito pasivo tributario):

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:			NIF/CIF:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

2. DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante):

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:			NIF/CIF:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

3. DATOS DA OBRA/ACTIVIDADE/ACTUACIÓN:

ENDEREZO:	REFERENCIA CATASTRAL:
DENOMINACIÓN DAS OBRAS:	☐ Actos de edificación ☐ Intervención en inmoables catalogados ☐ Demolicións ☐ Muros de contención de terras ☐ Grandes movementos de terra ☐ Parcelacións, segregacións, divisións ☐ Outros:
AUTOR DO PROXECTO:	
ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL:	

DOCUMENTACIÓN MÍNIMA NECESARIA PARA ADMITIR A SOLICITUDE (ver dorso):

- Copia do DNI do solicitante
- Autorización do representado ao representante e copia do DNI do representado (no seu caso)
- Autoliquidación tributaria e xustificante de ingreso da entidade bancaria.
- Proxecto técnico subscrito por técnico competente: ver dorso
- Nomeamentos de dirección de obra e dirección de execución de obra

SOLICITA: que se lle conceda, previa a tramitación oportuna, a licenza de obra obxecto desta solicitude, e declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos que se indican. No caso de que sexa necesaria certificación catastral descriptiva e gráfica da parcela obxecto das obras autorízase ao Concello a obtela no meu nome e incorporala ao expediente, sen prexuízo do pago das taxas correspondentes.

GUITIRIZ, a de de 202

O/a promotor/a ou representante

Asdo.:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUITIRIZ

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE APORTAR

CON CARÁCTER XERAL:

- Proxecto técnico completo redactado por técnico competente, nos termos que determina a normativa de edificación, urbanística e sectorial vixente en relación coas características e alcance das actuacións solicitadas. O proxecto contará co visado colexial correspondente nos supostos establecidos polo artigo 2º do R.D. 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.
- Oficio de dirección de obra e dirección de execución de obra subscrito por técnico/s competente/s. Cando ambos nomeamentos recaian no mesmo técnico, deberá constar así no oficio de dirección.
- Estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, segundo proceda, redactado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional.
- Cuestionario de estatística de edificación conforme á Lei 4/1990.
- Documentación acreditativa da titularidade e extensión da finca (escritura de propiedade e nota simple do rexistro da propiedade)
- Reportaxe fotográfica do emprazamento das obras, da parcela, das edificacións existentes na parcela e/ou das edificacións colindantes e do contorno próximo.
- En ampliacións, rehabilitacións, reestruturacións ou outras actuacións que afecten a edificacións existentes, antecedentes da edificación, licenzas outorgadas con anterioridade e fotografías do estado actual da edificación.

CON CARÁCTER ESPECÍFICO:

- Nos casos de ampliación, rehabilitación ou obras análogas sobre edificacións existentes, presentárase copia da licenza de primeira ocupación, construción, instalación ou apertura, segundo proceda.
- En edificacións colectivas, ou cando proceda por aplicación da normativa vixente, presentárase Proxecto de Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións, asinado por técnico competente co visado colexial correspondente, e oficio de dirección técnica.
- No caso de existir edificacións no emprazamento que se pretende para a obra nova, deberá solicitarse, previa ou simultaneamente, a demolición destas, aportando o correspondente proxecto e oficio de dirección, por técnico competente, e co correspondente visado colexial.
- No caso de execución de obras en solo rústico: certificación descritiva e gráfica do Rexistro da Propiedade no que conste o seu titular e extensión da parcela, ou no seu defecto, título de propiedade (documento público) e nota do Rexistro da Propiedade facendo constar que se está a tramita-la inmatriculación do predio.
- No caso das parcelacións, divisións ou segregacións de parcelas deberá achegarse certificación rexistral da finca/s matriz e cargas, ou non seu efecto título de propiedade (documento público) e certificación catastral descritiva e gráfica da/s finca/s matriz, xunto con proxecto subscrito por técnico competente, co seguinte contido mínimo:
 - o Memoria xustificativa da necesidade ou conveniencia da actuación
 - o Plano de situación sobre o planeamento vixente ou cartografía oficial
 - o Plano a escala mínima 1:200 da finca matriz
 - o Plano co parcelamento resultante
 - o Cadro de superficies iniciais e resultantes
- En solo urbano consolidado, cando sexa preciso cumprir cos deberes de urbanización, as obras necesarias recolleranse nun proxecto de obras ordinarias, que poderá ter carácter independente ou ser un anexo do proxecto de edificación ou rehabilitación.

INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS-

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ, coa dirección RÚA DO CONCELLO Nº4, 27300 Guitiriz (Lugo); correo electrónico do Delegado de Protección de Datos info@concellodeguitiriz.com

1. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión derivada da mesma. O feito de que no nos facilite parte da información solicitada podería supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.
2. PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.
3. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ó realizar a solicitude e o interese público.
4. DESTINATARIOS DE CESIÓNS: CONCELLO DE GUITIRIZ non cederá datos a terceiros, salvo por obriga legal ou para a correcta prestación do servizo.
5. DEREITOS: Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.
6. INFORMACION ADICIONAL: Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou [consultala en https://concellodeguitiriz.com/politica-proteccion-datos/](https://concellodeguitiriz.com/politica-proteccion-datos/)